As persoas emocionalmente fortes gozan dun maior benestar e contan con máis ferramentas para os problemas que poida presentar a vida. Vamos a realizar unha serie de actividades para traballar eses aspectos e para coñecernos e coñecerte un pouco mellor.



1# Anota o teu nome no recadro que segue, faino en vertical. Agora con cada unha das letras escribe unha calidade que penses que tes. Poño un exemplo para que o entendas mellor:

L	ista
I	ntelixente
S	egura
A	mable

Agora faino co teu nome. Se o teu nome ten poucas letras (3, 4 ou 5) colle tamén as 3 primeiras letras do teu primeiro apelido.

2# Pensa e escribe o nome de alguén que influíra na túa vida

Xa o tes? Agora escribe palabras que expresen como che influíu esta persoa. Escribe polo menos 5.

1.	6.
2.	7.
3.	8.
4.	9.
5.	10.

3# Presta atención á lectura.

Vai Marcos moi contento polo parque, cando de súpeto ve a Rafa vindo ao seu encontro. Rafa ten unha mirada moi rara. Marcos pregúntase que lle estará pasando. Achéganse e saúdanse, pero inmediatamente Rafa comeza a berrar. Di que Marcos lle fixo quedar moi mal cos outros mozos do barrio, que é mal amigo, que ten a culpa de todo o que lle está a pasar. Entón Marcos...

Pensa e escribe de xeito detallado como actuarías se te atopases na situación de Marcos (mínimo 10 liñas).

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____